



Concello de Cangas

Expediente núm.: 2773/2024

Procedemento: Selección persoal Plan Concellos 2024 liña 3

Asunto: 2ª SELECCIÓN PRAZA DE OFICIAL/A

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Decreto da Alcaldía núm. 2024-1008, de data 12/06/2024, aprobáronse as Bases que rexen o proceso de selección e posterior contratación de dúas persoas traballadoras desempregadas non ocupadas, ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación de Pontevedra no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal Plan Máis Provincia 2024 (liña 3) ao abeiro da subvención outorgada por resolución presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra de data 22/04/2024,

Unha vez rematado o proceso selectivo, con data do 17/06/2024, o Tribunal de selección emite a súa proposta de contratación na que se reflicte que para a praza de Oficial/a de Emerxencias só quedou unha persoa candidata aprobada, das dúas que previamente remitiu a Oficina de Emprego, non quedando por tanto ningunha persoa candidata na listaxe de suplentes para esta praza de Oficial/a.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2024-1104, de data 19/06/2024, dispónse a formalización dos contratos coas dúas persoas seleccionadas respectivamente para as prazas de Oficial/a e Peón/Peoa, por un período de seis meses comprendido entre o 21/06/2024 e o 20/12/2024. Esta última data será tamén na que como máximo poderán rematar os contratos que, no caso de baixas ou renuncias dos titulares das prazas, no seu caso se formalicen con persoas da listaxe de reserva ou de listaxes de ampliación.

Vista a renuncia voluntaria a praza de Oficial/a presentada polo traballador contratado, con data do rexistro do Concello do 08/08/2024, sen que como xa se indicou existan persoas na listaxe de reserva.

Vista a base oitava das mencionadas Bases que rexen o proceso de selección, que contempla que no caso de algunha das prazas quede vacante por no existir persoas candidatas o Concello pode solicitar sucesivas ampliacións da sondaxe á Oficina de Emprego para realizar ás persoas aspirantes remitidas novos procesos de selección para cubrir a totalidade das prazas ofertadas, rexéndose polas presentes bases.

Vistas finalmente as persoas candidatas que presentaron a súa instancia de participación, preseleccionadas previamente pola Oficina de Emprego de acordo coas listaxes de ampliación de sondaxe que obran no expediente.

De acordo coa lexislación vixente, en particular no disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Aprobar e publicar no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello a composición efectiva do Tribunal a efectos, no seu caso, da formulación de recusación contra dos membros da comisión de selección, que será a seguinte:

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez
SECRETARIO: José Luis Coya Otero
Vogal 1ª: Cristina Padín Martínez
Vogal 2ª: Segundo Lagoa Santos
Vogal 3ª: Pablo Cordeiro Rodal
Suplente indistinto: Cesáreo Coya Portas
Suplente indistinto: José Carlos Barreiro Miranda

SEGUNDO: Aprobar e publicar igualmente a listaxe de persoas admitidas ao proceso selectivo indicando que non contando con exclusións ten o carácter definitivo e que é a seguinte:





Concello de Cangas

PERSOAS ADMITIDAS 1 PRAZA OFICIAL/A DE EMERXENCIAS

APELIDOS E NOME	DNI
MARTÍN BARBERO, JULIÁN	***3728**
MOSQUERA FUENTES, JOSÉ LUIS	***6196**
REFOJOS GARCÍA, YAGO	***1156**
RODRÍGUEZ PIÑÓN, JULIO CÉSAR	***7670**

TERCEIRO: De acordo co disposto na base cuarta, aprobar a convocatoria para os chamamentos das probas da praza de OFICIAL/A, que é o seguinte:

MÉRCORES 21/08/2024, nas INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE GRANXA DA RÚA, situadas en A Pedreira - Coiro (ao lado do Colexio de A Rúa)

12:00 H.: PROBAS OFICIAL/A DE EMERXENCIAS

O chamamento no lugar e horas indicado será único, quedando excluída a persoa aspirante quen non compareza, de acordo co disposto nas Bases. Deberán presentar o seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algún dos membros do Tribunal.

De acordo co estipulado na base sétima, as persoas aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización das probas, estar en posesión do CELGA 2 ou superior, ou o seu equivalente no ámbito laboral (diplomas de Iniciación ou Perfeccionamento), quedarán exentas da proba de Lingua Galega, recibindo neste caso 2 puntos.

CUARTO: Publicar a presente resolución de acordo co disposto nas bases

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Cod. Validación: ATMC4D4L6YTNXLZLXTQF3G5NL
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

